

## PLANO DA BIBLIOTECA


### Podes utilizar tamén:

**Aulas de Estudo:** CUR en Riazor,  
Xoana Capdevielle en Elviña,  
Edificio de Apoio ao  
Estudo en Ferrol.

Reprografía

AulaNet

1. taquillas
2. revistas
3. prensa
4. acceso ó depósito
5. novidades
6. Física e empresas
7. Biblioteca de Interese Cultural (BIC)
8. Enciclopedias



**BIBLIOTECA DA FACULTADE DE INFORMÁTICA**

# Guía básica da biblioteca

**Biblioteca da Facultade de Informática**  
**Campus de Elviña, 15071, A Coruña**  
**Tel: 881 01 1288**

[Informatica.bib@udc.es](mailto:Informatica.bib@udc.es)  
<http://www.udc.gal/biblioteca.fic>



A Biblioteca da Facultade de Informática proporcionache información especializada (computación, electrónica e sistemas, tecnoloxías de información e das comunicacións, matemáticas aplicadas e estatística), servizos bibliotecarios (préstamo, renovacións, reservas...) e tamén acceso a todos os recursos electrónicos suscritos pola UDC.

### Horario

De luns a venres de 8.30h a 21.30h de xeito ininterrompido no período lectivo.

Durante os meses de xullo e agosto a Biblioteca terá un horario especial de apertura.

### Organización

A meirande parte dos documentos está en acceso directo, dispostos na sala de lectura en tres grandes categorías (fondo xeral, bibliografía recomendada e referencia) e distínguense pola cor da etiqueta que levan no lombo.

No **fondo xeral** podemos atopar documentos de Informática xeral, Computación, Electrónica... que levan a etiqueta de cor branca. Os libros de Matemáticas, Física, Contabilidade e Empresas lévana de cor verde.

A sección de **bibliografía recomendada** componse dos textos básicos recomendados polos profesores para cada materia e identifícanse pola cor amarela da súa etiqueta.

As **obras de referencia** (dicionarios, enciclopedias, directorios...), a **Biblioteca de Interese Cultural (BIC)** e **DVDs** están localizados nun espazo diferenciado e a súa etiqueta é de cor azul.

### Sala de Lectura

Dispón de 216 postos de lectura, a meirande parte deles dotados de tomas eléctricas

### Préstamo e renovacións

Para poder levar en préstamo documentos, será necesaria a [Tarxeta de Identificación da UDC](#). Segundo o tipo de usuario o número de documentos que pode levar en préstamo e a súa duración, variará (por exemplo: para os estudantes de grao será de 6 durante 10 días, que poden ser renovados por teléfono ou por Internet dende "[O Meu Rexistro](#)". Recibirás un aviso no teu correo electrónico coa data de vencemento. As demoras serán penalizadas.

### Reservas

As reservas pódense realizar no mostrador da biblioteca ou por [Internet dende o catálogo](#). Terás información sobre as reservas no teu correo electrónico.

### Préstamo Intercentros

Podes solicitar, recoller e devolver libros de outras bibliotecas da UDC na nosa biblioteca.

### Formación

A Biblioteca central organiza sesións formativas sobre o uso da biblioteca ao longo do ano.

Podes apuntarte nas sesións de orientación que ofrecemos na Biblioteca da FIC a través do [formulario](#).

### Todo no catálogo

Cando atopes un **libro** do teu interese de Informática Xeral, Bibliografía recomendada, Referencia, BIC, anota a *Signatura*.

|                   |                                                                       |            |  |
|-------------------|-----------------------------------------------------------------------|------------|--|
| Autor             | Smith, Roderick W.                                                    |            |  |
| Título            | LPIC-2 : Linux Professional Institute Certification : guía de estudio |            |  |
| Tit Altern        | Linux Professional Institute Certification                            |            |  |
| Publicación       | Madrid : Anaya Multimedia, [2011]                                     |            |  |
| Ubicación         | Signatura                                                             | Estado     |  |
| Informática Xeral | D4 (Lin) SMI                                                          | DISPONIBLE |  |
| Informática Xeral | D4 (Lin) SMI c.2                                                      | DISPONIBLE |  |
| Informática Xeral | D4 (Lin) SMI c.3                                                      | DISPONIBLE |  |

Si está *Disponible* localizaralo no seu estante e se o desexas, poderás levalo en préstamo.

Os **Proxectos de fin de Grao e Mestrado** e os **DVDs** búscanse do mesmo xeito pero terás que solicitalos no mostrador.

As **revistas** consúltanse dende o [catálogo](#). Atoparás o último número dalgunhas revistas de carácter divulgativo na sala de lectura.